

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2025 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes ao abeiro da Resolución do 31 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e á mellora de infraestruturas tecnolóxicas e de investigación cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento IN607E).



AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

O 20 de agosto de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 31 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e á mellora de infraestruturas tecnolóxicas e de investigación cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento IN607E).

No artigo 6 establecíase que o prazo de presentación de solicitudes comezaría o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e remataría o 29 de setembro de 2025. Tendo en conta o grande interese que está a suscitar a convocatoria e que o prazo coincide parcialmente co período vacacional dalgúns destes centros de investigación, o que dificulta a presentación de solicitudes, considérase conveniente ampliar o prazo de presentación de solicitudes en dez (10) días hábiles.

O artigo 32.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a posibilidade de que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou por pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda a metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

Consecuentemente con todo o anterior, a directora da Axencia Galega de Innovación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación,

RESOLVE:**Artigo 1**

Amplíase en dez (10) días hábiles, ata o 13 de outubro de 2025, o prazo de presentación de solicitudes previsto no artigo 6 da Resolución do 31 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e á mellora de infraestruturas tecnolóxicas e de investigación cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento IN607E).

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2025

Carmen Cotelo Queijo
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: svzhij1-myj7-djy7-xnk1-kj1to5wvpj10

